



Guía Docente

Datos Identificativos					2012/13
Asignatura (*)	Norma e Usos-Galego	Código	613445019		
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	6	
Idioma	Galego				
Prerrequisitos					
Departamento					
Coordinación			Correo electrónico		
Profesorado			Correo electrónico		
Web					
Descrición xeral	Estudo das variábeis que inciden no uso e das súas relacións coa norma no marco do emprego dunha lingua de calidade				

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
--------	----------------------------

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Que dominen as técnicas e as estratexias da comunicación verbal.	AP12		
Que dominen as técnicas e as estratexias da comunicación verbal	AP7		
Que saiban desenvolver calquera tipo de texto oral ou escrito en diferentes ámbitos profesionais relacionados coa comunicación	AP14		
Que teñan capacidade para ser orixinais no desenvolvemento e aplicación de ideas		BP3	
Que teñan capacidade de resolver problemas en entornos novos ou pouco coñecidos nun contexto multidisciplinar.		BP4	
Que posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando e aprendendo dun modo autónomo		BP9	
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común			CM4
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida			CM7

Contidos

Temas	Subtemas
1. Introducción	1.1. Conceptos fundamentais 1.2. Exemplos no galego
2. Variábeis e factores que inciden no uso	2.1. Tempo, idade, zona, procedencia, contexto etc. 2.2. Exemplos prácticos no galego
3. Uso dunha lingua de calidade: constatacións, recomendacións e orientacións	3.1. Ámbito ortográfico 3.2. Ámbito fónico 3.3. Ámbito morfosintáctico 3.4. Ámbito semántico-lexical 3.5. Ámbito pragmático-textual

Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Recensión bibliográfica	0	15	15



Presentación oral	5	15	20
Obradoiro	15	20	35
Análise de fontes documentais	10	10	20
Proba obxectiva	3	10	13
Resumo	0	7	7
Sesión maxistral	20	16	36
Atención personalizada	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Recensión bibliográfica	A recensión bibliográfica supón un proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valorización desta en relación á literatura existente sobre o tema. Unha recensión non supón un resumo da obra, nin unha mera análise do contido, pois o que lle outorga sentido e dimensión académica científica é a crítica que merece o texto recensionado a respecto doutras obras de temática similar.
Presentación oral	Consiste nunha intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da cal o alumnado e profesorado interaxen dun modo ordenado, propondo cuestións, facendo aclaracións e expondo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes en que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas etc.) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa, e pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación etc.
Resumo	Consiste nunha síntese dos principais contidos traballados. É un recurso óptimo para facilitar a comprensión do texto e a concentración persoal sobre o material obxecto de estudo. É tamén unha axuda importante para o repaso e a preparación de exames.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas ao estudantado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resumo	Durante o tempo dedicado á atención personalizada, a persoa encargada da docencia orientará e debaterá co alumno ou coa alumna xeito de se faceren os resumos previamente acordados.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Recensión bibliográfica	Nas actividades agrupadas nas recensións bibliográficas terase en conta a capacidade de síntese, o uso dunha lingua de calidade e a capacidade crítica do alumno ou da alumna.	20



Presentación oral	As presentacións orais terán como puntos fortes a fluidez discursiva, o emprego dunha lingua de calidade e a clareza expostiva.	25
Obradoiro	Nos obradoiros porase en valor a capacidade dialéctica do alumnado, o seu grao de coñecemento dos contidos que expoñen ou que se debaten e as súas capacidades crítica e de síntese.	25
Proba obxectiva	Nos exercicios enmarcados na modalidade de "proba obxectiva" serán tidos en conta o grao de coñecementos adquiridos, a clareza expositiva, a capacidade de síntese e o emprego dunha modalidade lingüística culta e de calidade.	15
Resumo	Os resumos contarán na cualificación final nun 15% e neles valorizarase a capacidade de síntese e de asimilación de contidos, ben como a evolución do seguimento do alumno ou da alumna na atención personalizada.	15

Observacións avaliación

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - PERES, J. ANDRADE / MÓIA, T. (1995). Áreas Críticas da Língua Portuguesa . Lisboa: Caminho - VV.AA (2002). Dialectoloxía e léxico. Compostela: CCG / ILG - AGAL (1989). Estudo crítico das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (ILG-RAG) 1982. A Coruña: AGAL - FREIXEIRO MATO, X. R (2006). Gramática da lingua galega. Vol. I. Fonética e Fonoloxía. Vol. III. Semántica. Vol. II. Morfosintaxe. Vol. IV. Gramática do texto. Vigo: A Nosa Terra - CHAMBERS, J. K. / TRUDGILL, P. (1994). La dialectología . Barcelona: Visor - MARZYS, Z. (1998). La Variation et la Norme. Essais de dialectologie galloromane et d'histoire de la langue française . Neuchâtel / Genève: Universite de Neuchâstel / Libraire Doz - FREIXEIRO MATO, X. R (2009). Lingua de calidade. Vigo: Xerais - LORENZO, E. (1991). Niveles y registros en el español actual. . Logroño: Gobierno de La Rioja - VV.AA (2005). Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o idioma galego. Compostela: CCG / ILG - RAG / ILG (2003). Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega . A Coruña - KABATEK, J. (2000). Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencia no galego actual. Vigo: Xerais - CALERO FERNÁNDEZ, M. A. (1999). Sexismo lingüístico. Análisis y propuestas ante la discriminación sexual en el lenguaje . Madrid: Narcea - VV.AA (1996). Sociolinguistic Variation. Data, Theory and Analysis. Selected Papers from New Ways of Analyzing Variation (23rd, 1994) at Stanford. Sociolinguistic Variation. Data, Theory and Analysis. Selected Papers from New Ways of Analyzing Var - FASOLD, R. (1990). Sociolinguistics of Language . Cambridge, MA: Basil Blackwell - ÁLVAREZ, R. (2003). Variedade e diversidade da lingua. Algunhas reflexións sobre cambio, variación e galego estándar. A Coruña: RAG
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías